PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2017
Núm. 6259

PARLAMENTO
DE GALICIA

A Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Proposicións non de lei

1.1 19361 (10/PNC-001567)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente en relación coas soltas experimentais e a produción do parasito "Torymus sinensis" para a loita biolóxica contra a praga da avespa do castiñeiro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

1.2 20298 (10/PNC-001648)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias en calquera subvención ou axuda publica destinada a ese fin para o pagamento a título individual aos 62 gandeiros afectados pola crise de Artesáns Galegos da Carne dos becerros vendidos a esa industria a través de tratantes ou compradores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

1.3 20303 (10/PNC-001649)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o recoñecemento polo Goberno galego dos montes veciñais en man común como unha titularidade veciñal, comunitaria, distinta e en condicións de igualdade coas titularidades públicas e privadas e o seu traslado á lexislación autonómica vixente, así como sobre a demanda que respecto disto debe realizar ao Goberno central
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

1.4 20514 (10/PNC-001669)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2017
Núm. 6259

coas axudas convocadas para o ano 2017 para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

1.5 20759 (10/PNC-001694)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 6 máis
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun procedemento de avaliación do interese agrario para efectuar a reestruturación territorial das terras, tendo en conta as achegas das persoas interesadas mediante a realización dun trámite de consulta
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 12380 (10/POC-002144)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre os prazos para a toma de posesión dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Cures-Boiro (Boiro-A Coruña)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017

2.2 18673 (10/POC-003093)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da axilización dos prazos de convocatoria, aprobación e resolución definitiva das axudas para a prevención de incendios forestais, co fin de que os traballos se poidan levar a cabo a finais do inverno e comezo da primavera
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

2.3 20516 (10/POC-003328)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a convocatoria de axudas para o ano 2017 para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias no problema que están a padecer a consecuencia da seca, os datos referidos ás solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 30 de outubro de 2017 e o orzamento que se vai destinar para ese fin
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
12 DEC. 2017
Núm. 6259

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Moisés Blanco Paradelo na data 11/12/2017 16:14:09